



Confederación Intersindical Galega

FEDERACIÓN DE SERVICIOS

CIG INFORMA

SECCIÓN SINDICAL CIG-SECURITAS PONTEVEDRA

Hoxe, 25 de xaneiro, celebrouse unha reunión de Comité de Empresa na Delegación de Vigo-Pontevedra a solicitude de UGT, instando a constitución do Comité de Empresa. Como vimos trasladando dende xuño do pasado ano ate o momento foi imposible constituílo, por falta de acordo entre todos os seus membros.

Dende a CIG, estivemos intentando chegar a acordo coas partes para dar pasos cara a unha posible solución o que non puido ser, pola inmovilidade tanto de Alternativa Sindical, instalados na crítica e no "NON" por norma a todo o que se lle propuña, non facendo propostas na procura de solucións, e polo outro lado a UGT non querendo asumir o papel que lle tocaba, dunha representación insuficiente para constituír eles sós o Comité de Empresa.

Nestes meses non fomos capaces de facer entender, que manter posicións inmovilistas unicamente beneficiaba a empresa, en detrimento dos traballadores, e que estes nos votaron para facer todo o contrario.

Dende a CIG intentamos por activa e por pasiva que se deran pasos atrás, e que entre todos fomos capaces de traballar nun escenario cómodo para facer o traballo para o que nos elixiran os compañeiros/as, por iso propuxemos un Regulamento de Comité que entendíamos e entendemos que todos podemos compartir e mesmo receptivos a modificar sempre e cando se mellorará o contido do mesmo, dito Regulamento se aprobou como sabedes cos votos a favor de CIG, UGT e en contra de AS, pero coma sempre sen manifestar o motivo do voto, nin ate agora presentou proposta algunha de modificación do mesmo, polo que entendemos que lle dan a validez que non quixeron darlle co voto favorable no seu momento.

Durante este tempo, **algúns fomos capaces de conseguir cousas, resolver problemas ou mesmo chegar a acordos, pola capacidade, esforzo e traballo de cadaquén,** pero a inexistencia do Comité de Empresa, provocou non ter posicións comúns e consensuadas, para defender dende a unidade as perversións da empresa, modificando condicións, sancións ou mesmo despidos (seis dende as eleccións). Buscar culpábeis e a crítica, non é a solución, isto o que pretende ocultar é a non asunción de responsabilidades.

A empresa neste intre anda a xogar coa formación, cos permisos dos PIF, cos calendarios laborais acordando diferentes cousas nos servizos, coa Prevención de Riscos e mesmo coa uniformidade (por certo que se cambiará en breve) non informando ou facendo o que lle peta, por non terse constituído o Comité de Empresa.

Esta situación e xa inasumible, pola parte que nos toca como representantes da CIG no Comité de Empresa, e visto que non hai unha solución satisfactoria para todas as partes, tan só quedaba o camiño dunhas novas eleccións que terían que celebrarse co consenso de todas as partes, consenso que non existe, ou que unha das representacións do Comité de Empresa apostara pola abstención.

Porén, tan só quedaba un camiño e nun exercicio de responsabilidade dende a CIG decidimos abstermos na votación da constitución do Comité de Empresa, aceptando nun principio as responsabilidades que poidamos ter, **para poñer dunha vez a funcionar un Comité** que por esixencia e ética moral, debería estar funcionando dende hai tempo, pero polos motivos na cima expostos foi imposíbel ata o momento, e se agora se viabiliza é pola posición responsábel que adopta a CIG, ante a parálise e incapacidade para chegar a acordos, dos representantes das demais organizacións sindicais.

Esta decisión que adoptamos hoxe, **non vai ser de balde, xa que se nos próximos seis meses dende a CIG non vemos resultados** nas accións, solucións de problemas, aperturas de canles dialogadas coa empresa, posta en marcha do Comité de Prevención, reactivación da Comisión do Calendario laboral, estabilidade nos contratos, etc...., **se pode modificar se entre todos vemos outras posibilidades que ate agora foron imposíbeis,** pero para iso tamén se teñen que dar pasos para o entendemento e non se pode estar instalado no rancor. **Dende a CIG, imos por todos os medios e traballar para que isto mude de xeito considerable, pero non vai depender só de nos, senón tamén dos demais, que teñan as mesmas ganas e grao e compromiso, pensando tan só nos intereses dos compañeiros/as que todos representamos.**

Enderezo electrónico: cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Pedro Pérez Caride 663 075 080 Xose Ramón Robes Campos 679 354 491

Fructuoso Carballo Alvarez 666 085 437 Miguel A. Fernández Glez. 636 807 373